

# **PLAN DE ORIENTACIÓN**

**CEIP. JULIO GURRIARÁN**

**CURSO 22/23**

# **PLAN DE ORIENTACIÓN**

## **1.- INTRODUCCIÓN**

1.1.- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

## **2.- OBXECTIVOS**

2.1.- Desenvolvemento persoal dos alumnos/as

2.2.- Apoio ao proceso de ensinanza- aprendizaxe

2.3.- Apoio e atención ao alumnado de incorporación tardía no sistema educativo

2.4.- Coordinación docente

2.5.- Asesoramento ás familias

2.6.- Relacións con outras institucións

## **3.- PLANIFICACIÓN XERAL:**

3.1.- Avaliación das necesidades

3.2.- Priorización das actuacións

## **4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

4.1.- Desenvolvemento persoal dos alumnos/as

4.2.- Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe

4.3.- Apoio ao proceso de incorporación tardía no sistema educativo

4.4. Coordinación docente:

4.5.- Asesoramento ás familias:

4.6.- Relación con outras institucións

## **5.- CRITERIOS DE SEGUIMIENTO**

## **6.- FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO**

## **7.- PLANIFICACIÓN TRIMESTRAL TEMPORALIZADA DO DEPARTAMENTO**

## **8.- INFORMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO**

## **9.- DESTINATARIOS**

## **10.- AVALIACIÓN**

## **11.- NORMATIVA LEGAL**

## **PLAN DE ORIENTACIÓN**

### **1.- INTRODUCCIÓN:**

O Plan de Orientación do Ceip, Plurilíngüe Julio Gurriarán o traballamos tendo en conta a lexislación vixente na actualidade.

A coordinación das actividades de orientación, tan importantes a ter en conta, será levada a cabo polos compoñentes do Departamento de Orientación. Deste xeito concíbese a orientación educativa desde dúas perspectivas: a atención individualizada e a consideración da actividade orientadora como un ámbito máis da función docente. É así como a educación asume a misión de posibilitar que todos os membros da comunidade desenvolvan ao máximo as súas potencialidades que lle permitan elaborar un proxecto de vida persoal. Este proceso orientador abrangue a toda a comunidade escolar e impregna toda actividade educativa polo que se realizará en estreita unión coa práctica docente no cumprimento da función titorial, xa que todo profesor/a debe ser guía e orientador. Neste contexto, o Departamento de Orientación será o órgano que garanta a orientación como parte fundamental da actividade e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao profesorado, alumnado e as familias.

Somos conscientes de que é necesario priorizar as necesidades específicas de apoio educativo e darlle a atención que se merecen.

Pretendemos que o Plan de Orientación sexa un documento que á vez nos sirva de guía na nosa labor educativa e dea a coñecer aos restante membros da comunidade educativa os ámbitos de actuación nos que imos traballar.

Tendo en conta a situación social que estamos vivindo de incertidumbre pola Pandemia, temos que adaptarnos as novas normas e condicións segundo o **PROTOCOLO POLO COVID-19 DO CENTRO.**

A continuación pasamos a describir brevemente a súa organización.

### **CEIP JULIO GURRIARÁN**

	EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA	TOTAL
UNIDADES	6	12	18
ALUMNOS	92	215	307
PROFESORES E ESPECIALISTAS	8	28	36

PROFESORES DE APOIO aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.: 2 P.T; 2,5 A.L.; 1 profesora de apoio ao alumnado inmigrante.

XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: M<sup>a</sup> Azucena Martínez Martínez.

### **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO**

Segundo o decreto 120/1998 que regula a orientación na Comunidade Autónoma de Galicia, este Departamento está constituído polos seguintes membros:

- Xefa do Departamento de Orientación: Dna M<sup>a</sup> Azucena Martínez Martínez.
- Coordinadora de Educación Infantil: Dna. Cristina Murias González.
- Coordinadora do 1º e 2º de Ed. Primaria: Dna. Ana M<sup>a</sup> González Rey.
- Coordinadora do 3º e 4º de Ed. Primaria: Dna. Asunción Gamarra Mondelo
- Coordinadora do 5º e 6º de Ed. Primaria: Dna. M<sup>a</sup> Luz Carracedo Franco.
- Profesora de P.T: Dna. Aurora Vega Vega.

Dna: Iria López Cambeiro, Substituta: Dna. Inés Pais Freire

- Profesora de Apoio ao alumnado estranxeiro: Dna. Cristina Braz Nogueira.
- Profesores de A.L.: Dna. Miriam Fernández Fernández.

Dn. Fernando Rodríguez Raño

Dna. M<sup>a</sup> Vanesa Diz Vázquez. (compartida).

Os membros do Departamento de Orientación e coordinadores, reúnen-se semanalmente para levar a cabo as funcións que ten encomendadas. As reunións nas que participan todos os membros celebráronse mensualmente de xeito ordinario e de forma extraordinaria se fose preciso.

### **2.- OBXECTIVOS:**

Planéanse agrupados nos seguintes ámbitos de actuación:

- 2.1.- Desenvolvemento persoal dos/das alumnos/as.
- 2.2.- Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- 2.3.- Apoio ao alumnado de integración tardía no sistema educativo.
- 2.4.- Apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- 2.5.- Coordinación docente.
- 2.6.- Asesoramento ás familias.
- 2.7.- Coordinación co IES Martaguisela.
- 2.8.- Relacións con outras institucións ( E.O.E, Centro ARELA, Pediatría, Sergas, Concello, Servizos Sociais, Policía local, Garda Civil, Cruz Vermella, Asociación Vagalume, colexios de procedencia de alumnado novo.....).
- 2.9.- Seguir o protocolo do centro, segundo as circunstancias actuais, pola **COVID-19** en todas as reunións e actividades co alumnado.

#### **2.1.- Desenvolvemento persoal dos alumnos/as:**

- Colaborar na personalización educativa favorecendo os procesos de maduración dos alumnos.
- Fomentar no alumnado o desenvolvemento de actitudes de participación tanto no centro como no seu entorno.

- Facilitar o desenvolvemento da súa propia identidade.
- Desenvolver valores como o respecto, a solidariedade, a xustiza, a responsabilidade, o coidado da natureza, a tolerancia, a diversidade... etc.
- Actuar como mediadora na resolución de conflitos pacíficos fomentando a convivencia.

### **2.2.- Apoio ao proceso de ensinanza- aprendizaxe:**

- Identificar a detección das dificultades de aprendizaxe dos alumnos/as.
- Prever as dificultades de aprendizaxe dotando ao alumnado de estratexias axeitadas.
- Impartir aos alumnos técnicas de estudo para un mellor aprendizaxe.
- Favorecer a participación de todo o profesorado na resposta educativa axeitada ás necesidades do alumnado.
- Coordinar a atención dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asesorar, como coordinadora do centro do Contrato-Programa para a mellora do éxito escolar, aos mestres do programa e aos/as alumnos/as na procura de mellora das dificultades do aprendizaxe.
- Dinamizar e mediar xunto co Xefe de Estudos, ao profesorado e alumnado sobre a mellora da convivencia no centro e a resolución de conflitos.

### **2.3.- Apoio e atención ao alumnado de incorporación tardía no sistema educativo:**

- Desenvolver o Plan de Acollida para integrar ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Elaborar material curricular para a atención axeitada do alumnado de integración tardía no sistema educativo.
- Facilitar o traballo cooperativo e potenciar as distintas culturas presentes na nosa comunidade educativa.

### **2.4.- Coordinación docente:**

- Potenciar e dinamizar a función tutorial e implicar a todo o profesorado nela.
- Colaborar na elaboración do PEC e seguimento das Programacións didácticas sobre todo no que atinxe á atención á diversidade, avaliación formativa e criterios de promoción.
- Facilitar aos titores/as a información necesaria para optimizar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Coordinar e asesorar aos profesores sobre as dificultades atopadas.
- Asesorar como Orientadora nas xuntas de avaliación.
- Coordinar e asesorar aos titores/as e especialistas naquelas dificultades encontradas no proceso ensinanza-aprendizaxe.

### **2.5.- Asesoramento ás familias:**

- Contribuír ao desenvolvemento de relacións fluídas familia-centro.
- Potenciar a comunicación entre pais e profesores.
- Orientar aos pais/nais en relación cos problemas específicos que presentan os seus fillos/as.

- Buscar vínculos de colaboración entre o centro e a cruz vermella, concello, centro de saúde, o centro Arela, o departamento de orientación e as familias, traballando todos nunha mesma liña educativa.
- Implicar aos pais/nais na integración de todo o alumnado.

### **2.6.- Relacións con outras institucións:**

- Coordinar co Departamento de Orientación do IES Martaguisela o seguimento do Plan de Orientación e as dificultades que presentan os/as alumnos/as que promocionan ao Instituto.
- Colaborar coas institucións de Servizos Sociais, Cruz Vermella, centro de Arela, Equipo de Orientación Específico, sanitarias, asociacións... etc. para derivar as necesidades e problemas tendentes á búsqueda de solucións que se poidan empregar no marco escolar.
- Participar nas actividades de formación organizadas por a Administración educativa e outras institucións relacionadas coas tarefas a desenvolver por o Departamento.
- Facilitar vías de solución aos problemas e dificultades que non se poidan encontrar no propio centro.

## **3.- PLANIFICACIÓN XERAL:**

### **3.1.- Avaliación das necesidades:**

Recolleremos as necesidades máis urxentes do profesorado a través de diversos medios como poden ser enquisas, entrevistas persoais, así como as opinións recollidas polos membros do Departamento a través das reunións de interniveles, titores, equipos docentes...etc.

No presente curso, despois de recoller información a través do Departamento e tendo en conta a circular 2008 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia, obsérvase a necesidade de traballar fundamentalmente sobre os seguintes ámbitos:

Actuacións que teñan como obxecto a **atención a toda a diversidade** presente no centro educativo, en consonancia co establecido na Lei orgánica de Educación e a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, que a converte nun dos seus eixes fundamentais e en particular no referido ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

1. Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do **Plan de acción tutorial**.
2. Actuacións en relación á **promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos** no marco dunha escola plural, democrática e igualitaria (fomentar valores como: respecto, asertividade, empatía, solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia, liberdade...).

3. Actuacións referidas á **formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación.**
4. Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa.

### **3.2.- Priorización das actuacións:**

En función das necesidades e condicións particulares do centro, as prioridades das actuacións quedarían do seguinte xeito:

- Avaliación inicial ao alumnado de incorporación tardía no sistema educativo ao Centro.
- Avaliación psicopedagóxica do alumnado que o precise.
- Elaboración de ACs
- Revisión e seguimento das ACs que se están a desenvolver.
- Asesoramento e coordinación na atención aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- Elaboración de programas de intervención que faciliten a integración do alumnado.
- Elaboración de material específico para corrixir as dificultades na comprensión e expresión oral e escrita.
- Elaboración de material específico para alumnos con altas capacidades.
- Orientación e elaboración de material específico para levar a cabo a acción tutorial.
- Fomento da participación dos pais/nais no proceso educativo.
- Información e orientación aos mestres, pais/nais sobre o **CONTRATO-PROGRAMA: REFÓRZA-T PROA** + de mellora do éxito escolar a desenvolver neste centro durante o presente curso.

### **4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:**

As actividades que se levarán a cabo para acadar os obxectivos propostos para os ámbitos de intervención son as seguintes:

#### **4.1.- Desenvolvemento persoal dos alumnos/as:**

- Recollida de información a través de probas psicopedagóxicas, entrevistas con profesores, pais/nais, colexio anterior e alumnado para lograr un maior coñecemento do alumno/a.
- Elaboración de propostas educativas que teñan en conta a situación individual de cada alumno/a.
- Planificar actividades de grupo que fomenten a integración e participación de todos os alumnos/as.
- Elaborar programas concretos que fomenten a educación en valores.
- Traballar técnicas de estudo, organización e concentración de tarefas escolares.

#### **4.2.- Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe:**

- Identificación temperá de necesidades.
- Avaliar as necesidades específicas de cada alumno/a.
- Fomentar las técnicas de estudo e estilos de aprendizaxe nas aulas.
- Prevención de violencia de xénero, acoso escolar e riscos en internet en 3º ciclo por medio do Plan Director.
- Orientar e decidir sobre a escolarización máis axeitada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, proponendo medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular.
- Diseñar plans de actuación encamiñados a propiciar as relacións entre profesores e alumnos/as.

#### **4.3.- Apoio ao proceso de incorporación tardía no sistema educativo**

- Desenvolvemento do Plan de Acollida para a integración do alumnado que procede do estranxeiro.
- Fomentar a adquisición das catro destrezas (comprensión auditiva, lectora, oral e escrita) que conforman a competencia educativa para lograr unha aprendizaxe completa das dúas linguas (galego, castelán).
- Potenciar a adquisición de vocabulario básico, que favoreza as relacións sociais do alumnado.
- Potenciar as distintas culturas do grupo-clase e destacar o máis característico de cada unha, para facilitar a integración.

#### **4.4. Coordinación docente:**

- Consensuar a coordinación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave na Programación docente e no PEC.
- Elaborar material que facilite a recollida de información por parte dos tutores sobre o seu grupo de alumnos/as.
- Establecer os canles de coordinación entre os diferentes profesores que inciden nun grupo.
- Asesorar na elaboración de programas de Reforzos Educativos ou nas Adaptacións Curriculares.

#### **4.5.- Asesoramento ás familias:**

- Informar aos pais/nais en reunións colectivas e/ou individuais sobre os programas a desenvolver, obxectivos a conseguir, organización do traballo escolar do alumno/a na casa, dedicación a actividades de ocio e tempo libre, etc. en función das necesidades de cada ciclo.
- Proporcionar aos tutores/as os recursos necesarios para levar a cabo actividades de orientación cos pais/nais.
- Dar a coñecer aos pais/nais o funcionamento do Centro e as funcións de cada membro.
- Manter entrevistas periódicas cos pais/nais para que teñan coñecemento do seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.



- Proporcionar aos pais/nais libros educativos en préstamo sobre a formación dos seus fillos.

#### **4.6.- Relación con outras institucións:**

- Reunións de coordinación co IES Martaguisela ao que está adscrito o Centro.
- Elaboración de material conxunto cos Departamentos de Orientación de Primaria da zoa en función das necesidades comúns que se poidan presentar.
- Participación nas actividades de formación convocadas que poidan resultar de interese para o desenvolvemento das diversas actividades do Departamento.
- Reunións periódicas co centro de Arela e “ Cruz Vermella” para o seguimento do alumnado do centro que participa nas actividades de reforzo educativo.
- Recollida e facilitación de información coas institucións de servizos sociais, sanitarias, concello, policía local, garda civil e asociacións que aporten solucións a diversos problemas que non sexa posible responder desde o Centro.

#### **5.- CRITERIOS DE SEGUIMIENTO**

A avaliación deste plan é o aspecto máis importante, posto que é a forma de superar as dificultades que se presenten, así como, mellorar todos os aspectos de dito plan. Isto conséguese con unha boa coordinación con todos os membros do Claustro.

Neste proceso é importante que todos os membros participen, de xeito que se adapten medidas de mellora que se axusten á realidade.

O seguimento realizarase, como segue:

1. A través das reunións do Departamento de Orientación.
2. A través das reunións da Coordinación de Comisión Pedagóxica.
3. A través da análise por parte do profesorado do Centro, dos seguintes aspectos:
  - Grao de desenvolvemento persoal dos alumnos/as.
  - Integración dos alumnos/as no grupo, en xeral, e do alumnado de incorporación tardía no sistema educativo, en particular.
  - Axuste das medidas adoptadas de reforzo educativo, audición e linguaxe, adaptación curricular e apoio ao alumnado estranxeiro
  - Participación do profesorado no Plan de Atención á Diversidade.
  - Grao de consecución dos obxectivos propostos para os alumnos/as con necesidades educativas específicas.
4. Participación e implicación dos pais/nais na vida do centro en xeral, e nos programas que se desenvolven en particular
5. Coordinación docente de todo o claustro.

#### **6.- FUNCIONES DO DEPARTAMENTO**

*- Funcións do Departamento de Orientación:*

(Decreto 120/98 de 23 de abril - Regulamento da Orientación en Galicia)

- *Valorar as necesidades educativas , no ámbito da orientación, dos alumnos/as do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención .*

- *Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordina-lo profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.*
- *Participar na elaboración , seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con NEE e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.*
- *Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos/as.*
- *Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.*
- *Facilitar ó alumnado o apoio e asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e a resolución de conflitos de relación interpersoal.*
- *Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e en calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.*
- *Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.*
- *Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais, así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.*
- *Aquelas outras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.*

### **- Funcións da xefa do Departamento de Orientación**

(Decreto 120/98 de 23 de abril - Regulamento da orientación en Galicia)

- *Dirixir e coordina-las actividades e actuacións propias do departamento .*
- *Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do Departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final do curso.*
- *Participar na elaboración do proxecto educativo e nas programacións docentes de ciclo, representando o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.*
- *Convocar e presidir as reunións do departamento conforme o procedemento que se estableza.*
- *Velar pola confidencialidade dos documentos.*
- *Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.*
- *Realizar as avaliacións psicopedagóxicas , se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.*
- *Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.*

- Coordinar, en colaboración cos profesores de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ao xefe de estudos, cando cumpra , a proposta de organización da docencia para este alumnado.

- **FUNCIÓNS DO PROFESORADO DE APOIO EDUCATIVO**

<b>Funcións do profesorado de apoio ao alumnado con NEE: especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe</b>	
<p><b>(Orde 24 de xullo do 1998 )</b></p> <p>Artigo 7º</p> <p><i>Sen prexuízo do establecido no Decreto 374/96 do 17 de outubro(Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria ) e da Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos ditos centros, os mestres especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe exercerán as súas funcións en tódalas etapas educativas que se impartan no centro e desenvolverán, ademais das que lles competen como membros do departamento de orientación, as seguintes funcións:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Atención directa ós alumnos.</li> <li>b) Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.</li> <li>c) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con NEE.</li> <li>d) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.</li> <li>e) Prestarlle atención directa ó alumnado con NEE que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado..</li> <li>f) Aqueloutras funcións que a</li> </ul>	<p>(Decreto 374/1996, do 17 de outubro )</p> <p>Artigo 84º</p> <p><i>Ademais da atención directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades, o profesor que estea no centro como apoio á atención ós alumnos con NEE desenvolverá as seguintes funcións:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) <u>Coordinar, en colaboración cos xefes de estudos,</u> as cuestións relacionadas coa educación e a estadia no centro dos alumnos/as con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.</li> <li>b) Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con NEE.</li> <li>c) Orienta-lo profesorado que lles imparta docencia ós alumnos con NEE, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.</li> <li>d) Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e a avaliación delas.</li> <li>e) Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con NEE.</li> </ul>

<i>Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.</i>	
---	--

**7.- PLANIFICACIÓN TRIMESTRAL TEMPORALIZADA DO DEPARTAMENTO:**

<b><u>1º TRIMESTRE</u></b>	<b>ACTIVIDADES</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización do Departamento de Orientación.</li> <li>- Constitución do D.O.</li> <li>- Avaliacións iniciais.</li> <li>- Elaboración dos horarios dos profesores de PT, AL, profesora de apoio ao alumnado de incorporación tardía e Orientadora.</li> <li>- Elaboración do horario da profesora do CP REFÓRZA-T: PROA+</li> <li>- Acollida e reunións de pais/nais de alumnos/as novos/as.</li> <li>- Recepción de pais/nais de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.</li> <li>- Posta en marcha do Plan de Acollida nos novos alumnos que se incorporan ao centro.</li> <li>- Revisión e actualización do <b>Plan de Orientación.</b></li> <li>- Revisión e actualización do <b>Plan de Acollida.</b></li> <li>- Revisión e actualización do <b>Plan de Atención á Diversidade.</b></li> <li>- Revisión e actualización do <b>Plan de Acción Titorial.</b></li> <li>- Revisión e actualización do <b>Programa específico de Reforzo e Recuperación.</b></li> <li>- Elaboración do <b>Plan de Igualdade.</b></li> <li>- Elaboración xunto co Profesorado da <b>PXA</b></li> <li>- Participación activa nas Programacións Docentes</li> <li>- Revisión e actualización xunto co Profesorado do <b>Plan de Convivencia.</b></li> <li>- Revisión e actualización do <b>Programa de Habilidades Sociais.</b></li> <li>- Recollida de datos e demais información sobre ao alumnado</li> <li>- Coordinación co DO do IES Martaguisela</li> <li>- Recollida de información do DRD ORIENTA.</li> <li>- Reunións con pais/nais do alumnado estranxeiro</li> <li>- Reunións semanais cos membros do Departamento de Orientación.</li> <li>- Reunións da Comisión Pedagóxica.</li> <li>- Reunión coa Directora, Xefe de Estudos coordinador de actividades extraescolares e coas coordinadoras de interniveis.</li> <li>- Atención aos pais/nais.</li> <li>- Atención ao alumnado</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Atención aos profesores/as e titores/as</li> <li>- Reunión co Inspector</li> <li>- Participación activa nas Programacións Docentes.</li> <li>- Avaliación inicial do alumnado de incorporación tardía no sistema educativo.</li> <li>- Actuación dun plan de intervención de modificación de conduta do alumnado con condutas disruptivas.</li> <li>- Actuación dun plan de intervención e modificación e seguimento de conduta do alumnado desmotivado que non quere estudar.</li> <li>- Seguimento do alumnado con RE e AC.</li> <li>- Elaboración de novas ACs.</li> <li>- Avaliación psicopedagóxica dos novos alumnos/as.</li> <li>- Elaboración de programas e materiais de intervención.</li> <li>- Dinamización xunto cos alumnos/as mediadores/as e profesores do Plan de Convivencia.</li> <li>- Elaboración de informes psicopedagóxicos.</li> <li>- Seguimento e valoración dos programas de intervención.</li> <li>- Impartir nas aulas técnicas de estudo para alumnos/as.</li> <li>- Impartir nas aulas estratexias sobre pautas para aprender a estudar.</li> <li>- Elaboración do <b>PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA (PEM)</b>.</li> <li>- Solicitud da intervención do Plan Director coas intervencións de prevención de riscos en internet, violencia de xénero e acoso escolar.</li> <li>- Solicitud da prevención da violencia de xénero para 5º e 6º de primaria impartida polos Servizos Sociais.</li> <li>- Colaboración nas probas de avaliación por determinar de Ed. Primaria (LOMLOE).</li> <li>- Cumprimento do Protocolo do centro polo <b>COVID-19</b>.</li> <li>- Elaboración e seguimento do novo <b><u>BLOG DE ORIENTACIÓN</u></b> para pais, profesores e alumn@s. <a href="http://www.orientaciongurriaran.jimdofree.com">www.orientaciongurriaran.jimdofree.com</a></li> <li>- Participación activa na 1ª avaliación</li> <li>- Outras actuación que poidan xurdir</li> </ul>
<p><b><u>2º TRIMESTRE</u></b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración dos resultados da 1ª avaliación</li> <li>- Atención ás demandas, despois dos resultados acadados polo alumnado na 1ª avaliación</li> <li>- Posta en marcha do Plan de Acollida nos novos alumnos que se incorporan ao centro</li> <li>- Seguimento do alumnado de AC e RE</li> <li>- Revisión dos horarios dos profesores de PT, AL, e profesora de apoio ao alumnado de incorporación tardía.</li> <li>- Coordinación coa Directora, coordinadora de actividades extraescolares e coas coordinadoras de interniveis.</li> <li>- Reunión semanal do Departamento de Orientación.</li> <li>- Reunión mensual da Comisión Pedagóxica.</li> <li>- Seguimento dos programas de intervención.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguimento do Plan de Convivencia co profesorado e alumnado.</li> <li>- Dinamización xunto cos alumnos/as mediadores/as e profesores do Plan de Convivencia.</li> <li>- Atención aos pais/nais.</li> <li>- Atención aos profesores e titores/as.</li> <li>- Coordinación e asesoramento ao mestre do Plan Arco para a mellora do éxito escolar.</li> <li>- Seguimento das liñas solicitadas do Contrato-Programa.</li> <li>- Seguimento do alumnado con condutas disruptivas e alumnos desmotivados que non queren estudar.</li> <li>- Seguimento das técnicas de estudo e estratexias cos alumnos/as sobre pautas para aprender a estudar.</li> <li>- Elaboración e seguimento do novo <b>blog de orientación</b> para pais, profesores e alumn@s.</li> <li>- Cumprimento do Protocolo do centro polo <b>COVID-19</b>.</li> <li>- Participación activa na 2ª avaliación</li> <li>- Valoración dos resultados da 2ª avaliación</li> <li>- Outras actuación que poidan xurdir.</li> </ul>
--	---

<p><b><u>3º TRIMESTRE</u></b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Atención ás demandas, despois dos resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación.</li> <li>- Posta en marcha do Plan de Acollida nos novos alumnos de nova incorporación ao centro.</li> <li>- Seguimento do alumnado de AC e RE</li> <li>- Revisión dos horarios dos profesores de PT, AL, e profesor de apoio ó alumnado estranxeiro</li> <li>- Coordinación coa Directora, coordinadora de actividades extraescolares e cos coordinadores de interniveis.</li> <li>- Reunión do Departamento de Orientación.</li> <li>- Reunión da Comisión Pedagóxica.</li> <li>- Seguimento dos programas de intervención.</li> <li>- Atención aos pais/nais</li> <li>- Atención aos profesores e titores/as</li> <li>- Solicitud e elaboración para o curso 22-23 do proxecto do <b><u>CONTRATO-PROGRAMA</u></b> para a mellora do éxito escolar na liñas de:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- CP INCLÚE:                 <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1: QUÉDA-T</li> <li>- 2: IGUALA-T</li> <li>- 3: CONVIVE-T</li> <li>- 4: INCLÚE-T</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>- Solicitud do <b><u>CONTRATO-PRGRAMA REFÓRZA-T: PROA</u></b> + dirixida a alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria.</li> </ul>
-----------------------------------	--

	<ul style="list-style-type: none"><li>- Coordinación e asesoramento ao mestre do PROA + para a mellora do éxito escolar.</li><li>- Seguimento das liñas solicitadas do Contrato-Programa INCLÚE.</li><li>- Dinamización xunto cos alumnos/as mediadores/as e profesores do Plan de Convivencia.</li><li>- Seguimento do alumnado con condutas disruptivas e alumnos desmotivados que non queren estudar.</li><li>- Seguimento das técnicas de estudo e estratexias cos alumnos/as sobre pautas para aprender a estudar.</li><li>- Información ao alumnado, pais/nais de 6º sobre a ESO, visita o IES.</li><li>- Coordinación coa Orientadora do IES Martaguisela.</li><li>- Elaboración e seguimento do novo <b>blog de orientación</b> para pais, profesores e alumn@s.</li><li>- Valoración dos resultados da 3ª avaliación</li><li>- Elaboración dos mestres de PT se AL, dos informes finais de curso</li><li>- Avaliación das ACs e dos RE</li><li>- Atención aos profesores e titores/as</li><li>- Avaliación dos programas de intervención postos en marcha.</li><li>- Avaliación do Plan de Orientación.</li><li>- Avaliación do Plan de Acollida.</li><li>- Avaliación do Plan de Atención á Diversidade.</li><li>- Avaliación do Plan de Acción tutorial.</li><li>- Avaliación do Plan de Convivencia.</li><li>- Avaliación do Programa de Habilidades Sociais</li><li>- Avaliación do programa específico de Reforzo e Recuperación.</li><li>- Avaliación xunto cos titores e cos mestres do Contrato-programa e Plan Arco e Proa + para a mellora do éxito escolar.</li><li>- Avaliación do cumprimento do Protocolo do centro polo <b>COVID-19</b>.</li><li>- Propostas de necesidades para o próximo curso.</li><li>- Reunión do Departamento de Orientación, exposición da valoración de final de curso.</li><li>- Outras actuación que poidan xurdir.</li></ul>
--	---

## **8.- INFORMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO:**

Informarase a través de:

- Consello Escolar como órgano de participación de todos os membros da comunidade educativa.
- Claustro de Profesores.

CANLES DE INFORMACIÓN:

1. A través dos titores/as cando se trate de:
  - Casos individuais
  - A dinámica do seu grupo/clase
2. A través dos coordinadores de interniveis cando se trate de:
  - Programas de intervención.
  - Resultados grupais
  - Información colectiva para pais/nais e titores/as
3. A Orientadora aos pais/nais:
  - Colectivamente: nas reunións informativas e nas actividades formativas que se programen.
  - Individualmente:
    - Cando sexa precisa unha actuación conxunta
    - No caso de avaliacións psicopedagóxicas
    - Por demanda dos propios pais/nais a través do titor/a
    - Para informar do seguimento das ACs e RE e dos apoios ao alumnado que procede do estranxeiro.
4. A través da coordinación co Equipo docente do grupo/clase para o seguimento da marcha do mesmo, así como para a avaliación.
5. A través da coordinación coa Directora e co Xefe de Estudos.

## **9.- DESTINATARIOS**

A orientación educativa constitúese como un proceso de **asesoramento e axuda ao alumnado**, mais tamén leva implícito un proceso de **apoio referido ao profesorado e ás familias**. Por este motivo o plan de orientación ten como destinatarios **todos os membros da Comunidade Educativa**:

- \* Alumnado
- \* Profesorado
- \* Familias

## **10.- AVALIACIÓN**

Avaliar o grao de realización e a mellora do Plan de Orientación

- Axuste do Plan de Orientación ás necesidades reais do centro.
- Grao de cumprimento dos obxectivos.
- Grao de cumprimento das actividades programadas.
- Grao de cumprimento das liñas prioritarias.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- Grao de cumprimento do Contrato-Programa INCLÚE e REFÓRZA-T: PROA +.
- Nivel de participación do profesorado no desenvolvemento do Plan de Orientación.
- Nivel de Integración de actividades e programas na dinámica xeral do centro.
- Coordinación co profesorado, familias e presidenta do ANPA.
- Coordinación co Equipo Directivo.
- Coordinación co IES "Martaguisela"
- Coordinación cos Servizos Sociais, Cruz Vermella, Pediatría, E.O.E. Centro de Arela, psicoloxía, logopeda externa, etc.
- Pertinencia do deseño da avaliación de cara a aportar modificacións significativas ao plan do próximo curso.
- Propostas de mellora.



## **11.- NORMATIVA LEGAL**

O Departamento de Orientación do CEIP Julio Gurriarán de O Barco, traballa tendo en conta a lexislación vixente:

- **Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro**, polo que se regula a **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

- O **Decreto 229/2011, de 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. CAPITULO I, Artigo 1: O presente decreto ten por obxecto regular a atención á diversidade do alumnado, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno/a e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais.

- **Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- **Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro** polo que se regulan a **avaliación e promoción** en Educación Primaria.

- **DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro**, polo que se regula a **admisión de alumnado** en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de **avaliación** nas ensinanzas de Educación Primaria no sistema educativo de Galicia.

- **Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022**, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o **proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína**

- **Resolución de 26 de maio de 2022**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que **se ditan instrucións** para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil e Primaria no curso 2022/23.

- **Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro**, polo que se establece a ordenación e as **ensinanzas mínimas da Educación Infantil**.

- **DECRETO 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o **currículo da educación infantil** na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o **currículo da educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o **Regulamento orgánico** das escolas de educación infantil e dos colexios de ed. Primaria.
- **Lei 8/1997, do 20 de agosto**, de accesibilidade e **supresión de barreiras** na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **O Decreto 120/1998 do 20 de abril** polo que **se regula a orientación educativa** e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG 27/4/98).
- **A Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a **organización e funcionamento da orientación educativa** e profesional ( DOG 31/7/98).
- **Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro**, polo que **se implantan e regulan os centros públicos integrados** de ensinanza non universitarias.
- **Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo**, polo que **se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas** do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- **Resolución de 22 de Decembro de 2004**, da Dirección Xeral de Centros e ordenación Educativa pola que **se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de Educación Especial**.
- **A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio** de Educación polo que se establece o alumnado con necesidade específica de apoio educativo e a compensación das desigualdades na educación ( DOG 4/5/06).
- **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativas e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que **se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia**.
- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación e Innovación Educativa pola que **se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia**.
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da Comunidade Educativa.
- **Lei 2/2014 de abril**, pola **igualdade de trato e a non discriminación** de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de **convivencia e participación** da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27 Xaneiro 2015).